REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Día: 08.02.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de febreiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 44703 (10/CPC-000093)
Do Sr. director xeral de Planificación e Orzamentos, por petición propia, para informar sobre as actuacions de seguimento do Plan estratéxico de Galicia desenvolvidas en 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

Punto 2. Preguntas

2.1 42307 (10/POC-006593)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a situación do sistema financeiro galego logo da compra do Banco Caixa Geral por parte de Abanca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019

2.2 43864 (10/POC-007011)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a valoración por parte do Goberno galego respecto de que Galicia ocupe a última posición entre as comunidades autónomas no indicador composto de calidade de vida elaborado polo INE
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019

2.3 44608 (10/POC-007137)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as razóns da demora e a data prevista para a publicación na páxina web de transparencia da Xunta de Galicia da información referida aos contratos adxudicados no ano 2017 a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público, así como os datos ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

2.4 44683 (10/POC-007150)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 6 máis
Sobre as razóns e a estratexia que vai seguir a Xunta de Galicia para volver

PARLAMENTO DE GALICIA

financiarse nos mercados financeiros.
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez	S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Secretario

Gonzalo Trenor López	P

Vogais

José Manuel Lago Peñas	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 08.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 08.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 44703(10/CPC-000093)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Planificación e Orzamentos, por petición propia, para informar sobre as actuacions de seguimento do Plan estratéxico de Galicia desenvolvidas en 2018

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
28 XAN. 2019
Núm. 44703

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
28 XAN. 2019
SAIDA
Num. 15

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos- do Director Xeral de Planificación e Orzamentos para **"Informar sobre as actuacións de seguimento do PEG desenvolvidas no 2018"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 28/01/2019 11:26:02

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 08.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 08.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 42307(10/POC-006593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a situación do sistema financeiro galego logo da compra do Banco Caixa Geral por parte de Abanca

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:48:37
Nº Rexistro: 42307
Data envio: 02/01/2019 10:48:37.301

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

Recentemente o goberno portugués levou a cabo unha poxa, condición de Europa para a inxección de fondos, co obxecto de se desprender do Banco Caixa Geral, a filial no Estado español da portuguesa Caixa Geral de Depósitos. Finalmente foi Abanca, o grupo presidido por Juan Carlos Escotet, quen adquiriu este Bando de forma que incorporou un volume de negocio de 7.000 millones de euros e 110 oficinas, 35 en Galiza. Desta forma Abanca consolídase como a sétima entidade do Estado canto a patrimonio e oitava canto activos a cambio dun prezo final de 364 millóns de euros.

Con este novo chanzo avánzase na concentración bancaria en Galiza, que segundo indicaba o *Informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia* elaborado pola Comisión Galega da Competencia a instancia dun acordo parlamentar, xa supuña en Galiza un nivel de concentración superior á medida europea e española. Por outra parte, a análise na altura do Índice de concentración HHI aplicado ás cinco maiores entidades daba como resultado 1.400 puntos no Estado español, mentres que para Galiza o resultado era de 2.321, o que implica moita maior concentración.

CSV: REXISTRO-mxQ7wB403-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:48:37
Nº Rexistro: 42307
Data envio: 02/01/2019 10:48:37.301

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, é pertinente recordar que nunha parte importante o que viña sendo o Banco Caixa Geral no noso país tivo a súa orixe no Banco Simeón. Con este novo paso evidénciase o mal negocio que supuxo para Galiza a venda a prezo de saldo das caixas galegas e a súa posterior bancarización, pois é evidente a folgura e capacidade de manobra que ten Abanca para seguir facéndose con cotas de mercado.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta cuestión debe ser atendida e vixiada por parte do goberno galego, que días despois de coñecerse a operación nin sequera fixo unha valoración desta. Esta operación terá un novo impacto sobre o emprego no sector da banca en Galiza, que arrastra unha década de reconversión e que aínda non deu por finalizado o proceso da venda do Popular-Pastor e a súa transición a un único paraugas como é o Banco Santander, tal e como amosan recentes peches de oficinas, como a de Guitiriz, que ten levantado resposta por parte da sociedade e dos cadros de persoal. Así mesmo, terá repercusións no número de oficinas e no acceso ao crédito por parte de empresas e particulares. Consecuencias todas elas que deben ser avaliadas e sobre as que cómpre actuar de forma decidida.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Como valora a Xunta de Galiza a saúde do sistema financeiro galego após a compra do Banco Caixa Geral por parte de Abanca? Que tipo de medidas e estudos obxectivos puxo ou vai poñer en marcha?

Considera o goberno galego que isto é positivo para o nivel de concentración bancaria de Galiza? Vai levar a cabo algún tipo de actuación para intervir nesta situación?

CSV: REXISTRO-mxQ7wB403-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:48:37
Nº Rexistro: 42307
Data envio: 02/01/2019 10:48:37.301

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como avalía o goberno galego o impacto nas persoas consumidoras do proceso do Banco Caixa Geral?

E no emprego?

E nas e nos usuarios?

Considera que terá repercusións nas relacións económicas co país luso?

Considera a Xunta de Galiza que o mercado financeiro galego pode considerarse un oligopolio?

Considera a Xunta de Galiza a concentración bancaria – e polo tanto a redución da oferta- que se está a producir é beneficioso para os clientes e usuarios de servizos financeiros?

A que cre a Xunta de Galiza que é debida a grande concentración de entidades financeiras en Galiza?

Considera a Xunta de Galiza de xeito positivo os efectos da reestruturación bancaria?

Como avalía a desgaleguización das entidades financeiras radicadas no país?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

CSV: REXISTRO-mxQ7wB403-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2019 10:48:37
Nº Rexistro: 42307
Data envio: 02/01/2019 10:48:37.301

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2019 10:47:24

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2019 10:47:29

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2019 10:47:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2019 10:47:32

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2019 10:47:34

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2019 10:47:36

CSV: REXISTRO-mxQ7wB403-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 08.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 43864(10/POC-007011)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a valoración por parte do Goberno galego respecto de que Galicia ocupe a última posición entre as comunidades autónomas no indicador composto de calidade de vida elaborado polo INE

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 18:10:32
Nº Rexistro: 43864
Data envio: 16/01/2019 18:10:32.463

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

O Instituto Nacional de Estatística publicou o día 23 de outubro de 2018 un informe sobre a calidade de vida, utilizando por primeira vez un enfoque multidimensional, na liña marcada polo Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) desenvolto polas Nacións Unidas (ONU).

O indicador composto de calidade de vida elaborado polo INE utiliza sete dimensións de análise: as condicións materiais de vida, o traballo, a saúde, a educación, o ocio e relacións sociais, a seguridade física e persoal, a gobernanza e os dereitos varios e por último o entorno e o medioambiente.

Cada unha destas dimensións está formada por diferentes epígrafes ata utilizar 96 variables para medir a calidade de vida.

No informe elaborado polo INE estímase o valor do indicador de calidade de vida desagregado por comunidades autónomas, cun resultado moi preocupante para nós: Galicia ocupa a última posición entre as 17 CCAA do Estado en calidade de vida.

Cos valores correspondentes a 2017, o indicador múltiple de Galicia é do 97,16 fronte ao 101,45 que ten de valor o indicador para o conxunto de España.

Galicia ocupa tamén a última posición en 2008, cun índice de 96,30 fronte ao 100 do conxunto do Estado.

CSV: REXISTRO-ozJfNA2td-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 18:10:32
Nº Rexistro: 43864
Data envio: 16/01/2019 18:10:32.463

GRUPO PARLAMENTAR
en marea



Valores AMPI global por ccaa. 2017	
Galicia	97,16
Canarias	98,13
Ceuta	98,88
Andalucía	99,11
Extremadura	99,55
Castilla y León	99,64
Murcia, Región de	100,23
Melilla	100,93
Total nacional	101,45
Castilla - La Mancha	101,50
Cataluña	102,08
Madrid, Comunidad de	102,41
Comunitat Valenciana	102,74
Balears, Illes	103,27
País Vasco	103,41
Cantabria	104,25
Asturias, Principado de	104,32
Aragón	104,40
Rioja, La	105,29
Navarra, Com. Foral de	106,90

Galicia ocupa o último lugar neste indicador múltiple de benestar en todos e cada un dos anos que van dende 2008 a 2017 ambos incluídos e, ademais, é a CCAA que ten peor evolución.

En 2008 estabamos 3,7 puntos por debaixo da media do Estado e agora, en 2017, a diferenza aumentou ata 4,22 puntos.

A análise das sete dimensións agrava o diagnostico porque a peor evolución dáse na dimensión 2, a do traballo, na que se mide tanto a cantidade do emprego (con taxas de emprego, paro, paro de longa duración e emprego involuntario a tempo parcial) e a calidade medida con variables de salarios, xornada, traballo temporal e satisfacción co traballo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

CSV: REXISTRO-ozJfNA2td-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 18:10:32
Nº Rexistro: 43864
Data envio: 16/01/2019 18:10:32.463

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Como pode explicar o Goberno que Galicia ocupe a última posición entre todas as CCAA do Estado no indicador composto de calidade de vida elaborado polo INE?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 16/01/2019 16:55:22

CSV: REXISTRO-ozJfNA2td-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 08.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 44608(10/POC-007137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as razóns da demora e a data prevista para a publicación na páxina web de transparencia da Xunta de Galicia da información referida aos contratos adxudicados no ano 2017 a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público, así como os datos ao respecto

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 17:45:38
Nº Rexistro: 44608
Data envio: 24/01/2019 17:45:38.992

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Abel Fermín Losada Álvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que deberán publicarse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.

Na páxina *web* de transparencia da Xunta de Galicia, estes datos figuran para os anos 2014, 2015 e 2016, pero, sorprendentemente a día de hoxe, e iniciado xa o ano 2019, non figuran os correspondentes ao ano 2017.

Polo que os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que se deu cumprimento en prazo á lexislación vixente?

2ª) Que motivos poden explicar a tardanza producida?

3ª) Cando se prevé que figuren estes datos concretos na páxina de transparencia da Xunta de Galicia?

4ª) Cales son os datos estatísticos correspondentes á actividade contractual de 2017 dos órganos de contratación da Administración autonómica da comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público, por tipo de contrato (administrativos especiais, obras, servizos, subministracións, xestión de servizos públicos, colaboración público-privada, sectores da auga, enerxía, transportes e servizos postais, concesión de obra pública)?

5ª) Cales son os datos estatísticos correspondentes á actividade contractual de 2017 dos órganos de contratación da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público por tipo de procedemento (aberto, diálogo competitivo, negociado, restrinxido, derivados de acordo marco, outros,

CSV: REXISTRO-Asvu1ewNX-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 17:45:38
Nº Rexistro: 44608
Data envio: 24/01/2019 17:45:38.992

contratos menores, de emerxencia)?

6ª) Cales son os datos estatísticos correspondentes á actividade contractual de 2017 dos órganos de contratación da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público por importe para cada un dos tipos de procedemento (aberto, diálogo competitivo, negociado, restrinxido, derivados de acordo marco, outros, contratos menores, de emerxencia)?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/01/2019 17:44:29

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2019 17:44:41

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/01/2019 17:44:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2019 17:45:00

CSV: REXISTRO-Asv-J1ewNX-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 08.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 44683(10/POC-007150)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 6 máis

Sobre as razóns e a estratexia que vai seguir a Xunta de Galicia para volver financiarse nos mercados financeiros. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa vía urxencia, 422, 30.01.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 17:39:32
Nº Rexistro: 44683
Data envio: 25/01/2019 17:39:32.225

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Río, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novóa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que se dea conta canto antes sobre esta cuestión no Parlamento de Galicia.

Exposición de motivos

A lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira recolle na súa disposición adicional primeira a posibilidade de que o Estado implemente medidas extraordinarias de apoio á liquidez das comunidade autónoma e entidades locais.

No marco desta disposición son varios os mecanismos que dende o ano 2012 puxo en marcha o Estado, entre eles o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores (FPP) e o Fondo de liquidez autonómico, coñecido polo seu acrónimo FLA.

En ámbolos dous casos, tratábanse de mecanismos de rescate, destinados a aquelas comunidades autónomas que non podían financiarse por elas mesmas nos mercados de capitais.

Porén unha demanda común, non só de Galicia, senón de tódalas Comunidades Autónomas que cumprían de forma reiterada cos obxectivos acordados foi a non penalización respecto das comunidades incumpridoras. Que dalgún xeito se recompensase aos cidadáns daquelas comunidades que fixeron un esforzo especial para poder reducir os seus desequilibrios.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-oGiqUZxGp-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 17:39:32
Nº Rexistro: 44683
Data envio: 25/01/2019 17:39:32.225

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Real decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostenibilidade financeira das CCAA e EELL e outras de carácter económico, que crea o Fondo de Facilidade Financeira, responde en parte a esta demanda.

Dende o ano 2015 a Xunta de Galicia financia as súas necesidades de endebedamento a través deste Fondo.

O Fondo de Facilidade Financeira carece da condicionalidade do FLA e permitiu a Galicia conquerir un importante aforro en xuros durante estes últimos anos.

O Presidente da Xunta de Galicia ven de anunciar a volta de Galicia aos mercados financeiros e a Consellaría de Facenda acaba de comunicar que solicitou a través do Ministerio de Facenda a autorización a que se refire o artigo 14.3 da LOFCA para realizar unha emisión de 400 millóns de euros en bonos a longo prazo.

Esta será a primeira emisión de débeda que leva a cabo a Comunidade Autónoma desde o ano 2014 o que vai a supoñer o seu retorno aos mercados de débeda.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas:

1.- Cales son as razóns da Xunta de Galicia para a volta neste momento a financiarse nos mercados de capitais?

2.- Cal va a ser a estratexia que va a seguir a Xunta de Galicia para a volta aos mercados, tendo en conta que leva varios anos, desde o 2015, financiándose a través do Fondo de Facilidade Financeira?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/01/2019 17:35:06

Paula Prado Del Río na data 25/01/2019 17:35:21

María Guadalupe Murillo Solís na data 25/01/2019 17:35:33

Marta Novoa Iglesias na data 25/01/2019 17:35:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-oGirqUZxGp-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2019 17:39:32
Nº Rexistro: 44683
Data envio: 25/01/2019 17:39:32.225

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Gonzalo Trenor López na data 25/01/2019 17:35:49

Cristina Isabel Romero Fernández na data 25/01/2019 17:36:09

Sandra Vázquez Dominguez na data 25/01/2019 17:36:15

CSV: REXISTRO-oGirqUZxGp-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com